

Artigo 2º.-Condições da cesión.

A cesión queda sometida ás seguintes cláusulas:

a) Coa cesión outórgaselle a propiedade dos equipamentos informáticos relacionados no anexo á *Fundación Galicia Emigración*.

b) Os bens cedidos destinaranse ao uso do persoal da fundación no desenvolvemento das súas actuacións de interese social, tal como exige o artigo 35 bis da Lei 3/1985, do 12 de abril, do patrimonio da Comunidade Autónoma galega.

Artigo 3º.-Formalización da cesión.

De conformidade co establecido na Lei 3/1985, do 12 de abril, do patrimonio da Comunidade Autónoma galega, e no Decreto 50/1989, do 9 de marzo, polo que se aproba o regulamento para a execución da citada lei, a cesión formalizarase mediante acta suscrita polo secretario xeral desta consellería, ou funcionario en quen delegue, e polo órgano competente da fundación, debendo constar nela o acordo de cesión e a aceptación do cesionario.

Artigo 4º.-Facultades de control, vixilancia e revisión.

Se os bens cedidos non se aplicasen co fin sinalado ou deixasen de estalo con posterioridade, se se descoidasen ou utilizasen con grave quebrantamento, ou se incumprisen as condicións do acordo, considerarase resolta a cesión e os bens reverterán á Comunidade Autónoma, que terá dereito a percibir, logo da taxación pericial, o valor dos detrimentos ou das deterioracións que experimentasen.

Á consellería cedente corresponderanlle as facultades de control e vixilancia da cesión, así como, se é o caso, a resolución dos expedientes de reversión.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase o secretario xeral desta consellería para ditar, no ámbito das súas competencias, as resolucións precisas para o desenvolvemento desta orde, así como para realizar os trámites necesarios para a súa efectividade.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 21 de xuño de 2005.

Aurelio D. Miras Portugal
Conselleiro de Emigración

ANEXO

Relación de equipamentos informáticos que se lle ceden en propiedade á *Fundación Galicia Emigración* para seren utilizados polo seu persoal no desenvolvemento das súas actividades de interese social.

-1 ordenador persoal marca Maxdata coas seguintes características:

- * Procesador PIV 2.8 Ghz.
- * Memoria de 512 Mb de RAM.
- * Disco duro de 80 Gb.
- * Monitor Tft de 15" Samsung.
- * Teclado e rato.

-1 impresora marca HP 7760.

-3 ordenadores persoais marca Asus coa seguinte configuración cada un deles:

- * Procesador PIV 2.4 Ghz.
- * Memoria de 256 Mb de RAM.
- * Disco duro de 60 Gb.
- * Monitor de 17" Crt Samsung.
- * Teclado e rato.

-2 ordenadores persoais marca Acer Power Mate coas seguintes características cada un deles:

- * Procesador PIV 2.4 Ghz.
- * Memoria de 256 Mb de RAM.
- * Disco duro de 40 Gb.
- * Monitor de 17" Crt Lg.
- * Teclado e rato.

-1 impresora HP 920c.

-1 ordenador persoal marca Asus cos seguintes compoñentes:

- * Procesador PIV 2.4 Ghz.
- * Memoria de 256 Mb de RAM.
- * Disco duro de 60 Gb.
- * Monitor de 17" Crt Santrung.
- * Teclado e rato.

-1 ordenador portátil coa seguinte configuración:

- * Procesador PIII 1000 Ghz.
- * Memoria de 256 Mb de RAM.
- * Disco duro de 40 Gb.
- * Monitor de 15".

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Orde do 7 de xullo de 2005 pola que se resolve concurso público de méritos para cubrir postos nos equipos de orientación específicos.

Por Orde do 4 de abril de 2005, convocouse concurso de méritos para cubrir postos nos equipos de orientación específicos.

En aplicación do disposto no artigo 12 da citada orde de convocatoria, esta Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

DISPÓN:

Primeiro.-Facer pública, no anexo a esta orde, a adxudicación das prazas obtidas no referido concurso.

Segundo.-Os funcionarios seleccionados deberán incorporar ás prazas adxudicadas con data 1 de setembro de 2005.

Santiago de Compostela, 7 de xullo de 2005.

Celso Currás Fernández
Conselleiro de Educación e Ordenación
Universitaria

ANEXO

Nome e apelidos: M^a Elvira de Gabriel Fernández.
DNI: 33806372Y.

Praza obtida: Lugo-trastornos xeralizados do desenvolvemento.

SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

Resolución do 7 de xullo de 2005, da División de Recursos Humanos, pola que se anuncia a resolución definitiva do segundo procedemento de provisión da categoría de médico de urxencias hospitalarias do proceso extraordinario de consolidación de emprego deste organismo.

A base décimo sétima da Orde do 20 de maio de 2002 (DOG nº 105, do 3 de xuño), pola que se convoca proceso extraordinario de consolidación de emprego para a selección e provisión de prazas de persoal estatutario das institucións sanitarias dependentes do Servizo Galego de Saúde, establece a posibilidade de realizar un segundo proceso de entrevistas para asignación de destinos na fase de provisión e mesmo un terceiro chamamento para elixir os destinos non adxudicados.

Polo tanto, realizado polo tribunal da categoría de médico de urxencias hospitalarias o segundo procedemento da fase de provisión, esta División de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde

RESOLVE:

Primeiro.-Publicar, con carácter definitivo, as puntuacións e os destinos obtidos polos aspirantes que participaron no segundo proceso da fase de provisión do proceso extraordinario de consolidación de emprego para a selección e provisión de prazas de persoal estatutario das institucións sanitarias dependentes do Servizo Galego de Saúde convocado pola Orde do 20 de maio de 2002 (DOG nº 105, do 3 de xuño), da categoría de médico de urxencias hospitalarias.

Segundo.-As listaxes poderán examinarse nos taboleiros de anuncios dos centros de xestión de atención primaria e especializada do Servizo Galego de Saúde e na páxina web do Sergas (www.sergas.es).

Terceiro.-Convocar os participantes que non foron adxudicatarios de praza nese segundo proceso para que elixan os destinos sobrantes en acto e chamamento único que se celebrará na Subdirección Xeral de Persoal da División de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde, en San Lázaro s/n, de Santiago de Compostela, o vindeiro día 21 de xullo de 2005, ás 10.00 horas.

Cuarto.-Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, ante o xul-

gado do contencioso-administrativo competente, conforme os artigos 8, 14 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Potestativamente, poderán interpoñer recurso de reposición ante esta división no prazo dun mes desde a mesma data, de conformidade co disposto no artigo 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Santiago de Compostela, 7 de xullo de 2005.

José Ignacio Lema Piñeiro

Director xeral da División de Recursos Humanos

Resolución do 8 de xullo de 2005, da División de Recursos Humanos, pola que se declaran con carácter definitivo os aspirantes admitidos e excluídos á entrevista da fase de provisión do proceso extraordinario de consolidación de emprego da categoría de odontólogo de atención primaria e son convocados para a súa realización.

O punto 6 da base décimo cuarta das diversas ordes da Consellería de Sanidade do 15 de febreiro de 2002 (DOG nº 40, do 25 de febreiro), polas que se convoca proceso extraordinario de consolidación de emprego para a selección e provisión de prazas de persoal estatutario das institucións sanitarias dependentes do Servizo Galego de Saúde, dispón que á vista das peticións de reparación presentadas, a División de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde publicará no *Diario Oficial de Galicia* as listaxes definitivas de admitidos e excluídos á entrevista por xerencias ou centros ou complexo hospitalario, así como o lugar, data e hora de realización da entrevista. Para este efecto, a estimación ou desestimación das devanditas peticións de reparación entenderanse implícitas na citada publicación.

Por todo iso, esta división

RESOLVE:

Primeiro.-Declarar, con carácter definitivo, os aspirantes admitidos e excluídos á entrevista da fase de provisión do proceso extraordinario de consolidación de emprego para a selección e provisión de prazas de persoal estatutario das institucións sanitarias dependentes do Servizo Galego de Saúde convocado polas das diversas ordes da Consellería de Sanidade do 15 de febreiro de 2002 (DOG nº 40, do 25 de febreiro), da categoría de odontólogo de atención primaria.

Segundo.-As listaxes coa relación de aspirantes admitidos e excluídos poderán examinarse nos taboleiros de anuncios dos servizos centrais e periféricos da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, nos dos centros de xestión de atención primaria e especializada do Servizo Galego de Saúde e na páxina web do Sergas (www.sergas.es).